



**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DIA VINTE DE XULLO DE DOUS MIL DOCE**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE

D.Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D^a.María Loureiro García, (PS de G-PSOE)
D..Jesús Antonio Fernández Cal , (PS de G-PSOE)
D^a.M^a.Isabel Rodríguez López , (PS de G-PSOE)
D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, (PS de G-PSOE)
D^a.Covadonga Viamonte Aguiar, (PS de G-PSOE)
D..Jaime Eduardo de Olano Vela,(P.P.)
D^a.M^a.Carmen Gueimunde Gonzalez (P.P.)
D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)
D. Antonio José Bouza Rodil,(P.P)
D.Bernardo José Fraga Galdo (B.N.G.)
D^a.Olaia Casas Chaves (B.N.G.)
D.Manuel Galdo Dopico (B.N.G.)
D.Guillermo Leal Arias (IVI)
D.Jesús Fernández Fernández (IVI)

XUSTIFICAN A SUA AUSENCIA

D.Cesar Aja Mariño (P.P)
D^a.Cándida Mendez Salgado (P.P)

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a.M^a.Fátima Moar Rivera

INTERVENTORA

D.Mónica Iglesias Prego

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as trece horas do día vinte de xullo de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr.Alcalde. D.Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión extraordinaria-urxente do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública polo Sr.Alcalde-Presidente á hora indicada, previa comprobación pola Sr^a. Secretaria do quórum de asistencia necesario, procede ó tratameto dos asuntos contidos na Orde do Día.

1º.-RATIFICACION DA URXENCIA DA SESIÓN

Polo Sr. Alcalde efectúase unha sucinta exposición que ven dada pola necesidade de proceder á aprobación da solicitude de concertación da 2^a operación endebedamento RDL 4/2012, de 24 de



febreiro e que polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dí que a concertación das operacións deberán aprobarse polo Pleno entre os días 10 e 22 de xullo, ambos inclusive, segundo a lexislación vixente.

Seguidamente, sen promoverse deliberación, polo Pleno Municipal, por unanimidade, e de conformidade do disposto no artigo 79 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, acórdase apreciar a urxencia da sesión, pronunciándose favorablemente sobre a mesma.

2º.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION CELEBRADA POLO PLENO EN DATA DO 28 DE XUÑO DE 2012.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Srs. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaración que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno en data do 28 de xuño de 2012.

A continuación intervén D. Antonio José Bouza Rodil (P.P.) que fai a salvidade á acta e dí que na páxina 3).-hai erro na votación, sendo correcto oito votos a favor e incorrecto nove votos a favor, pois só asistiron dous membros do BNG.

Tamén indica que na páxina 8) da devandita acta se dí:”..Copiar escritos do Sr.Alcalde..”e logo non aparecen copiados.

O Pleno da Corporación acorda deixar pendente a acta de referencia ata que se corrixa estes erros.

3.- APROBACION DA PROPOSTA DA ALCALDIA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CONCERTACION 2ª OPERACIÓN ENDEBEDAMENTO, SEGUNDO OS TERMOS DO RD LEI 4/2012, DE 24 DE FEBREIRO, POR IMPORTE DE 403,453,17 EUROS.

Polo Sr.Alcalde dase conta ao Pleno Corporativo, da proposta da Alcaldía,segundo establece o artigo 10.1 do Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais. E establece:”As entidades Locais poderán financiar as obrigas de pagamento aboadas no mecanismo mediante a concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo cuxas condicións financeiras serán fixadas por Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Considerando que con data 30 de marzo por acordo do Pleno se adoptou acoerdo de aprobación do Plan de Axuste ao que se refire o Real Decreto-Lei 4/2012. Sendo valorado favorablemente polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e en consecuencia autorizada a operación de endebedamento de conformidade co establecido no artigo 7.5 do citado Real Decreto-Lei.

Considerando que a Orde PRE/773/2012, do 16 de abril, establece as características principais do Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos para a posta en marcha do mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, co seguinte detalle:



- a) O financiamento máximo por entidade local (Incluíndo os seus organismos autónomos e entidades dependentes que lle pertencen integramente), será da suma de os certificados individuais positivos comunicados nos cinco primeiros días hábiles de xuño e xullo, así como novas aceptacións que tivese realizado a Entidade Local por conta e petición dos provedores.
- b) Prazo das operacións. Un máximo de 10 anos con 2 anos de carencia na amortización de principal.
- c) Tipos de xuro para o prestamista. O equivalente ao custo de financiamento do Tesouro Público aos prazos sinalados máis unha marxe máxima de 115 puntos básicos á que se engadirá unha marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos.
- d) O Instituto de Crédito Oficial actuará como axente coa colaboración das entidades de crédito que se adhíran ao mecanismo de financiamento.

De acordo cos datos facilitados polo Ministerio de Facenda e Administracións públicas o importe a formalizar da operación de préstamo é de 403.453,17 Euros.

Visto os informes emitidos por Intervención, esta Alcaldía propón o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a operación de préstamo excepcional derivada do mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, cuxas condicións, de acordo co disposto na Orde PRE/773/2012, do 16 de abril, son basicamente as seguintes:

- a) Importe: 403.453,17€
- b) Prazo das operacións. Un máximo de 10 anos con 2 anos de carencia na amortización de principal.
- c) Tipo de xuro. O equivalente ao custo de financiamento do Tesouro Público aos prazos sinalados máis unha marxe máxima de 115 puntos básicos á que se engadirá unha marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos.

A operación formalizarase con aquela entidade que comunique o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medio do Instituto de Crédito Oficial.

Segundo: Facultar o Alcalde tan amplamente e expresamente como en dereito fora necesario para a formalización da operación de préstamo e a firma de cantos documentos sexan necesarios en orde á execución do presente acordo.

Terceiro: Remitir unha copia do expediente tramitado ao órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

A continuación polo Sr. Alcalde procédese á apertura do debate, sen promoverse deliberación, e seguidamente sométese a votación, acordándose, por unanimidade, de todos os membros presentes, con quince votos a favor, e que resulta ser maioría absoluta, aprobar a proposta formulada pola Alcaldía en todos os puntos, que son:



Primeiro: Aprobar a operación de préstamo excepcional derivada do mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, cuxas condicións, de acordo co disposto na Orde PRE/773/2012, do 16 de abril, son basicamente as seguintes:

a) Importe: 403.453,17€

b) Prazo das operacións. Un máximo de 10 anos con 2 anos de carencia na amortización de principal.

c) Tipo de xuro. O equivalente ao custo de financiamento do Tesouro Público aos prazos sinalados mais unha marxe máxima de 115 puntos básicos á que se engadirá unha marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos.

A operación formalizarase con aquela entidade que comunique o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medio do Instituto de Crédito Oficial.

Segundo: Facultar o Alcalde tan amplamente e expresamente como en dereito fora necesario para a formalización da operación de préstamo e a firma de cantos documentos sexan necesarios en orde á execución do presente acordo.

Terceiro: Remitir unha copia do expediente tramitado ao órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Seguidamente, e fora da Orde do día e antes de levantar a sesión, polo Sr. Alcalde, ven en dirixirse á nova Interventora Dona Mónica Iglesias Prego, presente na sesión e que asiste ao Pleno por primeira vez, adicándolle unhas verbas de agradecemento pola súa colaboración co Concello de Viveiro e desexándolle moitos éxitos no seu novo cometido como Interventora por acumulación, o que se fai extensivo por parte de todos os membros da Corporación Municipal.

E non habendo mais asuntos de que tratar, polo Sr. Alcalde, levántase a sesión sendo as catorce horas do día con que se encabeza esta Acta, que se exende por cuadruplicado exemplar, do que eu, certifico.

A SECRETARIA ACCTAL.,